

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria n.º 222 do 15.1.2026, da acta da reunión extraordinaria e urxente n.º 223 do 6.2.2026, e das actas das reunións extraordinarias n.º 224 do 20.2.2026, n.º 225 do 13.3.2026 e n.º 226 do 27.3.2026.
2. Informe de dirección.
3. Aprobación, se procede, da oferta de temas novos de Traballo Fin de Grado do GEA
4. Aprobación, se procede, de decisión sobre a PDA 2026-2027 para o Grao en Estudos de Arquitectura ofrecida pola vicerreitoría de profesorado e presentada na última sesión da Comisión Permanente (Ver borrador de acta da sesión n.º 226).
5. Aprobación, se procede, da proposta de título propio “Máster de Formación Permanente Cortizo-UDC en fachadas lixeiras de vidro”.
6. Aprobación, se procede, da táboa de ponderacións da CIUG para o acceso ao curso 2027/28.
7. Aprobación, se procede, de horarios durante a semana da FETSAC.
8. Asuntos varios de trámite.
9. Quenda aberta de intervencións.

Acordos

- Aprobación por asentimento da acta da reunión ordinaria n.º 222 do 15.1.2026, da acta da reunión extraordinaria e urxente n.º 223 do 6.2.2026, e das actas das reunións extraordinarias, n.º 224 do 20.2.2026, n.º 225 do 13.3.2026 e n.º 226 do 27.3.2026.
- Aprobación por asentimento da oferta de temas novos de Traballo Fin de Grao do GEA.
- Aprobación por unanimidade de non mover un dos grupos de interactivas que se conceden en terceiro e cuarto a segundo curso do GEA para a PDA 2026-2027 e enviar esta resposta á vicerreitoría de profesorado acompañada dunha manifestación de desgusto e de falta de diálogo no proceso, que se encargará de redactar o director da Escola.
- Aprobación por maioría da proposta de título propio “Máster de Formación Permanente Cortizo-UDC en fachadas lixeiras de vidro”.
- Aprobación por unanimidade de táboa de ponderacións da CIUG para o acceso ao curso 2027/28.
- Aprobación por asentimento de horarios durante a semana da FETSAC.